



RECENDOS DE AIRE SONORO

Antonio García Teijeiro

Ilustracións de Fino Lorenzo

XERAIS SOPA DE LIBROS (1384041) 8 ANOS

88 páxinas

ISBN: 978-84-9914-201-2

P.V.P: 10,00 €

NOVIDADES FEBREIRO 2011



«RECENDOS DE AIRE SONORO» DE ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO UN DIÁLOGO FASCINANTE ENTRE A MÚSICA E A POESÍA

UN POEMARIO QUE VAI ESPERTAR NOS LECTORES E LECTORAS SENSACIÓNS VIVAS E PROFUNDAS, CARGADAS DE EMOCIÓN.

En *Recendos de aire sonoro* as notas musicais e as palabras danse a man e camiñan xuntas polos vieiros que trazan os versos. Nos seus poemas ecoa o violín, treme a arpa, percute o timbal, láíase a gaita, Beethoven saúda a Bob Dylan mentres berran as guitarras de rock e a orquestra se despista. Un libro para ler cos cinco sentidos. As dúas paixóns de Antonio García Teijeiro, a música e a poesía, establecen un diálogo fascinante neste poemario fermosamente ilustrado por Fino Lorenzo, que vai espertar nos lectores e lectoras sensacións vivas e profundas, cargadas de emoción.

Antonio García Teijeiro (Vigo 1952) é mestre e exerceu a crítica como especialista de literatura infantil nos xornais e revistas máis importantes de Galicia. Ten publicada unha extensa obra poética para nenos e mozos, entre a que podemos citar obras como: *Coplas*, *Nenos*, *Aloumiños*, *As catro estacións*, *Ventos* (Xerais 1992), *Cacarabín*, *Cacarabón*, *Poemas do Sol e da Lúa*, *Lueiro de papel* (Xerais 1995), *Na fogueira dos versos* (Xerais 1996), Premio Merlín 1996, Lista de Honra do IBBY 1997 e Premio Pier Paolo Vergerio 1998; *Caderno de fume* (1999); *Palabras envoltas en cancións* (2000); *O que ven os ollos dos nenos* (Xerais 2001), prosa poética; e a antoloxía poética *Os nosos versos* (1997, Xerais 2003) e *Chove nos versos* (2004). No eido da narrativa para mozos e mozas ten publicado, entre outras obras: *A chave dos soños*, *Noa*, *O cabalo de cartón*, *A teima de Xan*, *Fantasia en Re Maior*, *Sempre quente o sol*, *Ladrándolle a lúa*, *Cara un lugar sen nome*, *En voz baixa* (Xerais, 1998), *Os peixes de cores* (Xerais 2002), *Trala liña do horizonte* (2002), *Honorato, o rato namorado* (Xerais, 2007), *Verbas de sal* (Xerais, 2011) e *Recendos de aire sonoro* (Xerais, 2011). Tamén preparou a Antoloxía de Celso Emilio Ferreiro (Xerais 1989).

Fino Lorenzo (Baiona, 1962) é artista plástico. Leva expoñendo a súa obra, pintura, gravado, escultura e instalación, de forma regular, desde o ano 1987. Como ilustrador, ten mais de trinta títulos publicados. En Xerais destacan, *Ondas de verde e azul*, *Iría e a lúa*, *Contos maravillosos III*, *Mermelada de amorodo* (I Premio Certámen Internacional de Álbum ilustrado Ciudad de Alicante, 2001), *Pequena mitoloxía de Galicia*, *Lorenzo Varela. Biografía e antoloxía*, *A vida secreta de María Mariño*, *Adiviñanceiro popular galego*, *Palabras brancas* e *Recendos de aire sonoro*. Desde 2008 leva a programación das exposicións de arte contemporánea do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM).